Madrid, 17-11-1964

Querido amigo: Confirmo no teu poder unha carta miña de fai poucos días. Pregábache encarecidamente, que me fixeras o favor de aitivar o certificado de Estadística no que consta a categoría administrativa que Castelao disfrutaba alá pol-o ano 1936. Eu conto con tomar o avión cara a Bos Aires, a partir do día 22 ao 25 (depende do billete) e preciso ese documento denantes de aussentarme de Madrid. Gracias Valentín pero non te me esqueras por favor.

Sei, con certa pena, que las miñas cuñadas andan outra vez á facer barullo sin ter razón nin dereito á se meter nas miñas cousas. Eu estou tranquila respetando o que teño que respetar, i e por iso que non me meto na sua vida. É unha lástima que se deixen levar de malos consellos, esquecendo

o que non deben esquecer. — :

Bueno amigo Valentín co meu mais fondo ~~deseso~~ deseso de que todos por ahí sigades ben, recibide os tres miña aperta grande de

Virxinia

A ver si te portas ¿eh?
Mándoche ese recorte que me mandan de Bos Aires con moita ledicia